MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE RIBADEO PARA O ACONDICIONAMENTO DUNHA PARCELA DESTINADA Á AMPLIACIÓN DO APARCADOIRO MUNICIPAL SITUADO NA AVENIDA ROSALÍA DE CASTRO

ANTECEDENTES

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das súas competencias en materia de mobilidade e infraestruturas viarias, vén desenvolvendo actuacións relacionadas coas áreas de aparcadoiros disuasorios.

O Concello de Ribadeo manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para o "Acondicionamento dunha parcela destinada á ampliación do aparcadoiro municipal situado na Avenida Rosalía de Castro".

Na memoria valorada onde se recollen as actuacións para o acondicionamento dunha parte da parcela para ampliación do aparcadoiro municipal prevese a demolición das edificacións abandonadas existentes, a retirada da chatarra e dos entullos e a limpeza e preparación do terreo mediante materiais granulares e áridos reciclados, incluíndo a execución e compactación das correspondentes capas de base, subbase e afirmado con saburra artificial.

A ampliación dará continuidade aos percorridos e accesos existentes no aparcadoiro municipal, mantendo o actual acceso de vehículos e a saída peonil. En total, prevese a creación de aproximadamente 58 prazas de estacionamento, das cales 2 estarán adaptadas para persoas con mobilidade reducida.

En virtude da confluencia de intereses e competencias, vaise formalizar un convenio de colaboración entre ambas administracións, que establece as bases para a execución das obras necesarias, conforme á memoria valorada redactada para tal fin.

XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO

A actuación xustifícase pola necesidade dunha mellora da ordenación e do espazo público do termo municipal que reverterá nunha mellor calidade de vida para o conxunto da cidadanía. Así mesmo, a actuación permitirá favorecer unha maior fluidez do tráfico rodado no núcleo urbano e facilitar unha adecuada intermodalidade entre o vehículo privado e os modos de transporte activo e o transporte público, tendo en conta a proximidade da estación de autobuses, situada a apenas 300 metros, na mesma rúa. Todo isto contribuirá á promoción de hábitos de mobilidade máis sostibles e á consolidación dunha cultura da mobilidade sostible no municipio.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: lsjuuY 1BH3l6 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Mobilidade
Edificio Administrativo de San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
981 54 45 81
mobilidade.conselleriadepresidencia@xunta.gal
conselleriadepresidencia.xunta.gal/mobilidade

A actuación presenta, igualmente, un relevante interese turístico e económico, ao favorecer o acceso ordenado ás zonas de interese turístico e aos areais do municipio, entre os que destaca a praia das Catedrais, monumento natural de especial relevancia que recibe anualmente centenares de miles de visitantes.

O proxecto forma parte da estratexia da Xunta de Galicia en materia de mobilidade sostible, recollida na Estratexia Galega de Mobilidade, aprobada polo Consello da Xunta o 6 de maio de 2024.

Deste xeito, o convenio permite actuar de forma coordinada entre administracións, garantindo unha execución áxil e eficiente e contribuíndo ao obxectivo xeral de fomentar un modelo de mobilidade máis seguro, sustentable e accesible.

OBXECTO E FINS

O obxecto do convenio é establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Ribadeo que permitan a este concello licitar, adxudicar e executar as obras recollidas na memoria valorada de "Acondicionamento de parcela para ampliación de aparcadoiro municipal situado na Avenida de Rosalía de Castro".

Os fins son a mellora da ordenación do espazo público do termo municipal que reverterá nunha mellor calidade de vida para o conxunto da cidadanía, permitindo un adecuado transvase modal entre o vehículo automóbil privado e os modos de transporte de mobilidade activa ou de transporte público, contribuíndo dese xeito á implantación dunha cultura da mobilidade sostible na cidade.

ORZAMENTO

É obxecto do financiamento o contrato de execución da obra.

O custo total estimado da actuación obxecto deste convenio é de TRINTA E NOVE MIL CINCOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (39.544,83 €) IVE excluído e de CORENTA E SETE MIL OITOCENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (47.849,24 €), incluíndo IVE do 21%.

A achega económica da Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes ascenderá 47.849,24 € (IVE do 21% incluído), financiados con cargo á aplicación orzamentaria 05.08.512A.760.0, proxecto 2026 00003 dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia:

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: lsjuuY 1BH3I6 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Mobilidade
Edificio Administrativo de San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
981 54 45 81
mobilidade.conselleriadepresidencia@xunta.gal
conselleriadepresidencia.xunta.gal/mobilidade

Ano	PBL sen IVE	IVE	PBL con IVE
2026	39.544,83 €	8.304,41 €	47.849,24 €
Total	**39.544,83 €**	8.304,41 €	**47.849,24 €**

XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Ribadeo presentará ante a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a documentación acreditativa da execución das obras e do cumprimento da finalidade do convenio.

Para a financiación, cando finalice a actuación, e en todo caso como tope o 11 decembro de 2026, debe presentar todas as facturas e, de ser o caso, certificacións de obra con relación valorada e tramitadas conforme o procedemento que rexe para a Administración local; así como a acta da recepción das obras.

O pagamento efectuarase tras comprobar que a xustificación presentada é correcta.

CADRO ORZAMENTARIO DESAGREGADO POR TIPOLOXÍAS DE GASTO

Nº capítulo	Tipo de gasto / Descrición	Unidades	Prezo unitario (€)	Total (€)
1.1	Demolición	363,000	20,16	7.318,08
Total capítulo 1. Demolicións				**7.318,08**
2.1	Desbroce e limpeza de terreo con retirada de residuos	300,000	7,58	2.274,00
2.2	Subministración de árido reciclado, grava e zahorra	350,000	21,69	7.591,50
2.3	Extendido de terras con material propia excavación	350,000	1,80	630,00
2.4	Capa de rodadura realizada con árido reciclado	1.887,840	4,10	7.740,14
Total capítulo 2. Acondicionamento do terreo				**18.235,64**
3.1	Varios (imprevistos e restos de obra)	1,000	674,23	674,23

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: IsjuuY 1BH3I6 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Mobilidade
Edificio Administrativo de San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
981 54 45 81
mobilidade.conselleriadepresidencia@xunta.gal
conselleriadepresidencia.xunta.gal/mobilidade

Nº capítulo	Tipo de gasto / Descrición	Unidades	Prezo unitario (€)	Total (€)
Total capítulo 3. Varios				**674,23**
4.1	Transporte con camión de residuos inertes de formigón....	300,000	4,78	1.434,00
4.2	Canon de vertido por entrega de residuos inertes de formigón....	300,000	16,23	4.869,00
Total capitulo 4. Xestión de residuos				**6.303,00**
5.1	Conxunto de sistemas de protección de cumprimento en materia de S. e Saúde	1,000	350,00	350,00
5.2	Conxunto de equipos de protección de cumprimento en materia de S. e Saúde	1,000	350,00	350,00
Total capítulo 5. Seguridade e Saúde				**700,00**
Total presuposto execución material				**33.230,95**

Concepto	% aplicado	Importe (€)
Total presuposto execución material		33.230,95
Gastos xerais	13%	4.320,02
Beneficio industrial	6%	1.993,86
Total presuposto base de licitación sen IVE		**39.544,83**
IVE	21%	8.304,41
Total presuposto base de licitación con IVE		**47.849,24**

FITOS E OBXECTIVOS

Plan Estratéxico	Planificador de fondos europeos	Eixe	Actividade	Indicador	Fito 2026
PEG	Non procede	E2. Competitividad	PA02. Promover as infraestruturas	PO1158 Prazas para vehículos	58

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: lsjuuY 1BH3l6 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Mobilidade
Edificio Administrativo de San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
981 54 45 81
mobilidade.conselleriadepresidencia@xunta.gal
conselleriadepresidencia.xunta.gal/mobilidade

		e e crecemento	produtivas		

GASTO POR TERRITORIO

Concello de Ribadeo, Lugo

INSTRUMENTO DE PLANIFICACIÓN

O convenio encádrase no seguinte instrumento de planificación coherente co PEG e coas disposicións da Lei 4/2025, de 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

E2. Competitividade e crecemento

PA02. Promover as infraestruturas produtivas

OE 3.4.1. Asegurar que unha alta porcentaxe da poboación se sitúe a 15 minutos ou menos do acceso á rede de Vías de Altas Prestacións. Mellorar a calidade da rede viaria para aumentar a súa funcionalidade e seguridade viaria e adaptala á evolución da mobilidade e da tecnoloxía. Modernizar e mellorar as infraestruturas produtivas e de rede así coma a produtividade e desenvolvemento sostible dos portos de Galicia.

OO01 - Garantir unha rede de infraestruturas viarias funcional, competitiva, segura, acorde coa política territorial e accesible dende os distintos territorios, para contribuír na loita contra o despoboamento no rural.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Mobilidade

Judit Fontela Baró

Asinado por: JUDIT FONTELA BARO
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 24/08/2026 14:05:47

Dirección Xeral de Mobilidade
Edificio Administrativo de San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
981 54 45 81
mobilidade.conselleriadepresidencia@xunta.gal
conselleriadepresidencia.xunta.gal/mobilidade

As copias en papel deste documento terán a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: IsjuuY 1BH3I6 https://sede.xunta.gal/cve